

CENTRO TECNOLÓXICO LÁCTEO DE GALICIA



Situación: Recinto Feiral de Lugo,
Avda. Fábrica da Luz s/n, 27004 LUGO
Teléfono: 982 251 611
Fax: 982 251 611
www.ctlacteo.org
elena@ctlacteo.org



O Centro Tecnológico Lácteo nace no ano 2008 co obxectivo de ofrecer un servizo integral ó sector lácteo nas áreas de I+D+i, formación e asistencia técnica. A súa orixe é o Aula de Produtos Lácteos (APL), integrada dentro do Instituto de Investigacións e Análises Alimentarios da Universidade de Santiago de Compostela e creada no ano 1992 co obxectivo fundacional de prestar apoio integral as Industrias Lácteas Galegas, para solucionar problemas puntuais, optimizar procesos, mellorar a calidade do produto e desenvolver proxectos de I+D en procesos e produtos lácteos.

A estratexia do Centro Tecnológico Lácteo consiste en ofrecer servizos personalizados ás empresas do sector lácteo, baseados en tecnoloxías e instalacións facilmente escalables. As solucións son de inmediata aplicabilidade ó mercado e permiten aumentar a rendibilidade global da actividade industrial.

Recursos humanos

O Centro Tecnológico Lácteo terá persoal propio e persoal específico contratado para os proxectos singulares e en función da carga de traballo. Se prevé a adscrición de varios profesores da USC ó devandito centro.

Organización / Áreas de traballo

O CTL ten varias áreas de traballo definido

- Área de I&D : Desenvolvemento de produtos e procesos.

- Área de Formación : Formación ocupacional (desempregados e empregado), e Formación continua.

- Área de Teleformación @pl: prestación de servizos de teleformación intra estrutura e cara ó exterior.

- Área de asistencia técnica: con 6 subáreas diferenciadas:

Auditorías técnicas: Optimización de Procesos e produtos.

Análises de riscos y control de puntos críticos (APPCC).

Auditorías externas de limpeza y desinfección de la industria.

Control de calidade : Físicoquímica e microbioloxía de produtos intermedios e finais.

Análises de propiedades físicas. ap

Análise sensorial.



Instalacións / Equipamento

O CTL dispón ate o momento de posta en funcionamento das novas instalación da estrutura do Aula de Produtos Lácteos que consta dunha planta piloto de 575 m², equipada cos medios técnicos necesarios que permiten reproducir, a escala reducida, os procesos máis representativos da Industria Láctea. Tamén dispón de diferentes laboratorios de control de calidade (análise das propiedades físicas, microbioloxía, análise físico-químico, instrumental, etc.), así como dunha sala de Conferencias; unha sala multimedia ; unha sala de videoconferencia e dúas salas máis de cursos.

Servizos

Os servizos que presta o CTL poden agruparse en formación, I+D+i e servizos de asesoría ás empresas do sector lácteo. Con respecto as actividades formativas, o seu obxectivo é facilitar ás persoas implicadas nos procesos de elaboración a comprensión dos fundamentos dos mesmos, e os aspectos máis importantes. No relativo á I+D+i, céntrase no desenvolvemento de novos produtos e procesos innovadores, adaptándose ás necesidades técnicas e económicas de cada empresa. Finalmente, no eido da asesoría, o Centro realiza diferentes actividades, como auditorías técnicas, análises de riscos e control de puntos críticos (APPCC), auditorías externas de limpeza e desinfección da industria, análise físico-químico e microbiolóxico de produtos intermedios e finas, análise sensorial e análises de propiedades físicas.

Proxectos destacados

- “Revalorización de proteínas de lactosoro en panificación industrial”, concertado coas empresas Ingapan e Queserías Prado.
- “Estudo da normalización do leite na fabricación de queixos”, concertado coa empresa Feiraco.
- “Desenvolvemento da normalización de produtos lácteos fermentados a partir de leite nanofiltrado”, concertado coa empresa Feiraco.
- “Desenvolvemento de sobremesas lácteas non fermentadas”, concertado coa empresa Feiraco.
- “Proxectos EURFORM; ADAPT e ADAPT BIS para a formación do sector agroalimentario galego, financiado polo FSE entre os anos 1993 e 1999.

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

- AGROCAMPUS RENNES (Francia): Creación dun Master Bolonia e dirección de Teses de Doutoramento.
- FEPALE (Federación da Industria Láctea de América Latina).
- Universidad Nacional Agraria de la Molina. Perú.
- Universidad de San Carlos de Guatemala.
- UNIVATES. Brasil.
- Universidad de Loja – Ecuador.

Propiedade industrial

Actualmente en proceso de implantación da norma UNE 166.002 de xestión da I+D+I.